# A EASD Mestre Mateo no Consorcio de Artes

EASD Mestre Mateo
Raquel Anta Barragán

Cofinanciado por el programa Erasmus+ de la Unión Europea

O presente proxecto foi financiado co apoio da Comisión Europea. Esta publicación (comunicación) é responsabilidade exclusiva do seu autor. A Comisión non é responsable do uso que poida facerse da información aquí difundida

# Breve descrición do contexto e do proxecto

- O **Consorcio de Artes** naceu a iniciativa do que era daquela director da EASD Antonio Faílde de Ourense, César Taboada, gran impulsor da internacionalización nas ensinanzas artísticas superiores.
- A **EASD Mestre Mateo** xa participou no Cartes no primeiro convenio KA107 que se lle otorgou no curso 2016/2017.
- **16 institucións** de ensinanzas artísticas superiores formaron parte daquel convenio, con fondos para realizar mobilidades a tres países: Albania, Xordania e India.
- Hoxe, o número de socios é de 24, e temos **18 socios en tres continentes**.

# Cal foi a implicación do profesorado/alumnado

- Antes de falar do alumnado e o profesorado, teño que falar da **Escola**: para a Mestre, a internacionalización é unha das principais prioridades estratéxicas. A dirección considera que enviar alumnado e profesorado a outros países, así coma recibir estudantes e persoal do estranxeiro, son elementos imprescindibles para a formación, a socialización e a imaxe da Escola.








# Cal foi a implicación do profesorado/alumnado

- Na nosa visita inaugural a Tirana, tivemos contacto con alumnado de Fotografía, nalgunhas reunións de análise e comentario das súas imaxes onde saíron cousas moi interesantes.





# Cal foi a implicación do profesorado/alumnado

- As alumnas e alumnos albaneses amosáronse abertas e interesadas en que vísemos os seus proxectos e imaxes, e tiñan unha grande curiosidade polo punto de vista dos profes españois.





# Cal foi a implicación do profesorado/alumnado

- Enviamos profesorado a Albania, Serbia e Xordania nos anos 2017, 2018 e 2019.







# Cal foi a implicación do profesorado/alumnado

- E tamén recibimos profesorado destes países.








Cofinanciado por el programa Erasmus+ de la Unión Europea

galicia

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA

# Cal foi a implicación do profesorado/alumnado

- O primeiro ano (16/17) enviamos alumnado do ciclo superior de Fotografía (dúas rapazas e dous rapaces) e o segundo (17/18), foron tamén a Tirana tres rapaces do ciclo superior de Técnicas Escultóricas.
- Unha das alumnas de Foto fixo un videoblog durante a súa estadía de 3 meses, para que vísemos todos o ben que o estaban a pasar (tamén traballou!) https://www.youtube.com/watch?v=-zGA6PWtbZw






# Cal foi a implicación do profesorado/alumnado

- Tamén recibimos no primeiro cuadrimestre do curso 19/20 a dúas alumnas e un alumno de Deseño de Moda que viñeron da Universidade de Artes de Tirana.





# Obstáculos ou dificultades e como as superastes

- As principais dificultades que podo destacar ocurriron sobre todo ao inicio dos proxectos:

  - Dificultades de comunicación cos socios. A sensación era que ao principio non sabían moi ben onde se meteran: nestes países non hai tradición de Erasmus+ e foi algo difícil a parte burocrática (ou que contestasen os mails).

  - Complexidade da documentación a xenerar e asinar. Quen leva toda a organización documental é o Consorcio e isto engade complexidade e intermediarios.

  - Este último ano, obviamente a pandemia detivo todos os proxectos en marcha.

# Impacto e beneficios para o centro

- Acadar o noso obxectivo estratéxico de internacionalización da Escola.

- Aportar ao noso alumnado e profesorado alternativas de mobilidades e estadías en países que doutro xeito tal vez non verían nunca, e experiencias de aprendizaxe e socialización únicas.

- Este curso temos unha alumna egresada da Universidade de Tirana matriculada no ciclo superior de Técnicas Escultóricas en matrícula regular (sen seres unha mobilidade internacional).

Cofinanciado por el programa Erasmus+ de la Unión Europea

# Plans para o futuro

- Este curso 20/21 a axencia española Erasmus+ SEPIE concedeunos o noso propio proxecto KA107, cunha subvención de case 95,000€ para a zona dos Balcáns.

- Tamén continuamos a formar parte do Consorcio de Artes. Para este curso temos concedidas mobilidades a Montenegro, Albania e Camboia.

- O noso plan é continuar aumentando as relacións internacionais da Escola, para que o noso alumnado e profesorado estean orgullosos de pertencer a unha institución verdadeiramente internacional.

# Ligazón ao proxecto, RRSS, e-mail de contacto...

- https://www.facebook.com/ConsorciodeArtes
- https://www.instagram.com/consorciodeartesmovilidades/
- https://www.instagram.com/easdmestremateo/
- easd mestre mateo erasmus@easd.es
- cartesconsortium@gmail.com

# MOITAS GRAZAS POLA VOSA ATENCIÓN

easd
mestre mateo

Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea